

ACTA Nº 51/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 20 DE DECEMBRO 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Victor Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González.
D. Daniel Rodas Chapela.

Ten escusada a súa inasistencia Dna. Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na casa do Concello de Moaña, o 20 de decembro de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 47/10, correspondente á sesión do 22 de novembro de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que na resolución nº 619/10, do 15 de decembro de 2010, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para recoñecer a obriga co fin de ordenar o pagamento ao Patronato Beiramar da aportación do Concello ano 2010.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia

subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 207/10 – D.^a SOFÍA PORTELA GONZÁLEZ presenta proxecto básico de vivenda unifamiliar no barrio de Broullón – San Martiño, redactado polos arquitectos D. Antonio de Cominges Carvalho e D. Rogelio Pérez Conde, datado en Vigo o día 25.11.2010.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 13 de decembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO PARA VIVENDA UNIFAMILIAR (O. MAIOR)

INFORME TÉCNICO. Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución
No expediente consta senllas acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con datas de 13 de decembro de 2010 para solo urbano de ordenanza 1 das NN. SS de planeamento municipal.

Non require informes sectoriais.

O proxecto sen visar polo COAG está subscrito polos arquitectos Rogelio Perez Conde e Antonio Cominges Carvalho quedou modificado nos planos PLA 01, PLA 02 e PLA 03 motivado pola adecuación a normativa do habitat.

Cédese 21,97 M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 512,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo petionario.

Superficie da parcela según medición técnica ascende a 408,00 metros cadrados.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	1.536 €
Taxas licenza urbanística.....	192 €
Cartel de obra.....	110 €
Taxas conexión saneamento	180 €

3.B) EXPTE. 212/10 – D. ROBERTO SOAGE PORRÁS presenta proxecto de cambio de tella, revestimento exterior dunha vivenda unifamiliar, explanación dunha zona do terreo para aparcamento e muro de contención a lindeiros, no barrio do Casal nº

107, San Martiño, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado o 14.12.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 16 de decembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO:PROXECTO PARA CAMBIO DE TELLA E REVESTIMENTO EXTERIOR DUNHA VIVENDA, EXPLANACIÓN PARCIAL DO SOLAR PARA APARCAMENTO E MURO DE CONTENCIÓN A LINDANTES. (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras definidas na documentación técnica presentada.

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación afectada por un sistema viario.

A presente licenza para cambio de tella e revestimento exterior da vivenda unifamiliar outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación e ornato da edificación con chorreo, limpeza e revestido de fachadas, substitución de tella plana por outras de idénticas características con mantemento estrutural salvo reformas circunstanciais e puntuais.

A presente licenza acolle explanación e muro de contención altura máxima de dous metros.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	429,63 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

4.- LICENZA DE OBRA ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE

- **EXPTE. 184/10 – D.^a REBECA FERNÁNDEZ CRUZ** presenta proxecto para acondicionamiento de local para papelería e impresión dixital, na rúa Avda. Concepción Arenal, 182-baixo, do barrio da Praia, redactado polo enxeñeiro industrial D. Alejandro Molares Rodríguez, visado na data 07.10.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 16 de decembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: LICENZA DE OBRAS E ACTIVIDADE PARA COMERCIO DE PAPELERÍA E IMPRESIÓN DIGITAL

INFORME:

Procede licenza de obras e actividade destinada a **comercio de papelería e impresión dixital** de acordo co proxecto técnico.

O apartado 3 do artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais –Decreto de 17 de xuño de 1955- especifica que con arreglo ao proxecto presentado, a edificación dun inmoble se destinará a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente.

Abondando na cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto dunha soa

resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

A ordenanza de usos das NN. SS de Planeamento municipal resulta compatible.

O local para ser susceptible de apertura e funcionamento deberá ser inspeccionado polos servizos municipais unha vez presentado o certificado fin de obra do facultativo director das mesmas.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	162,27€
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita D^a REBECA FERNÁNDEZ CRUZ para a actividade de COMERCIO. DE PAPELERÍA E IMPRESIÓN DIXITAL

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA COMERCIO DE PAPELERÍA E IMPRESIÓN DIXITAL. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbese a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

5.- OBRAS MENORES

Visto o expediente instruído a instancia da interesada que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 213/10 – D.^a CÁNDIDA PÉREZ CABANELAS presenta memoria para a construción dun peche a lindantes de 29,35 m a base de postes prefabricados de

formigón e malla metálica, sobre unha base de pedra, xa existente, cunha altura non superior a 1 m, situado nos Piñeiros nº 8.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 16 de decembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE (O. MENOR)

INFORME: **Procede licenza** de acordo coa documentación presentada.

Non require informes sectoriais.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 12,46 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

6.- PARCELACIÓNS

Visto o expediente instruído a instancia das interesadas que de seguido se relacionan e, examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de parcelación de fincas, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes:

- EXPTE. 209/10 - D.^a NIEVES PORTELA COLLAZO, D.^a EVA MARTÍNEZ PORTELA E D.^a PAULA MARTÍNEZ PORTELA presentan proxecto para parcelación de finca na Pandiña, redactado polo estudo de arquitectura e urbanismo J.H. ARKMO, S.A. firmado polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia; superficie total do terreo: 830 m2, superficie da parcela A: 355 m2, superficie parcela B: 475 m2.

Dáse conta do informe do aparelador do concello de Moaña de data 13 de decembro de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: PARCELACIÓN

INFORME: **Procede licenza parcelación.**

Finca matriz de 830.00 M/2 en solo urbano de ordenanza 2 das NN. SS de planeamento municipal. As parcelas resultantes descritas na documentación técnica presentada, sen visar polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia subscrita polo arquitecto José Díaz de la Iglesia con data de 9/12/2010, resultan dúas parcelas de 355,00 e 475,00 metros cadrados que cumpren a condición de mínimas segundo as determinacións da ordenación urbanística previstas para a zona onde se enclavan.

A documentación técnica non terá validez documental sen o visado da copia por parte deste Concello que coincidirá co orixinal que substenta o acordo.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza urbanística..... 110,00€

7.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D^a MARÍA EUGENIA BERNÁRDEZ PIÑEIRO e D. JOSÉ ÁNGEL RIOBÓ SANLUIS. no que SOLICITAn licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada no Cruceiro nº 3 – San Martiño, pertencente á licenza de obra Expte. nº 297/2005, concedida pola XGL en sesión de data 14.11.2005.

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 14 de decembro de 2010 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de Conexión ós sumidoiros.

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado pola arquitecta técnica D^a Sofía Rúa Piñeiro, o día 26 de abril de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 28 de abril de 2010; asinado polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia o día 26 de abril de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 11 de maio de 2010.

Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 297/2005, aos seus promotores D^a MARÍA EUGENIA BERNÁRDEZ PIÑEIRO e D. JOSÉ ÁNGEL RIOBÓ SANLUIS nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

8.- PAGAMENTO DE XUROS POR RECOÑECIMENTO DE ANTIGÜIDADE

O inspector de policía local, D. Lois Alberte Casás Curro, por escrito do 29.10.10, logo da exposición de motivos, reclama a cantidade de 123,45 euros polo trienio deixado de percibir dende o mes de agosto ata o mes de decembro de 2005 –incluída a paga extra do mes de decembro do ano 2005- como funcionario do grupo C1, así como os intereses de demora taxados en 201,17 euros.

Visto o informe de intervención do 17.12.10 co cálculo dos referidos xuros elaborado segundo o informe de secretaría, que cuantifica en 140,80 euros.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 1320-35200, RC 1641

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda recoñecerlle a obriga por importe de 140,80 euros en concepto de xuros polo pagamento da antigüidade ao inspector a Lois Alberte Casás Curro, con cargo a partida 1320 35200 – RC 1641, para o seu posterior pagamento.

9.- RELACIÓN DE FACTURAS

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 14 de decembro de 2010 que textualmente di:

Vistas facturas presentadas polas entidades relacionadas, relación composta polo listado de rexistro de facturas número 198 e o anexo --- da presente proposta, xustificativas do gasto, é que ascende á cantidade acumulada de: 31.243,59 €.

Visto que todas as facturas están conformadas polos responsables de cada un dos servizos,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010,

Tendo en conta o cumprimento do disposto no artigo 59 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e nas bases de execución do Concello de Moaña, para o ano 2010, sobre a acreditación da prestación,

Visto o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no artigo 185,2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do Concello de Moaña para o ano 2010 nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga,

O Concelleiro de Facenda, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas indicada, e presentadas polas entidades que de seguido se relacionan, por importe acumulado de: 31.243,59 euros,

ANEXO I			
Factura	Provedor	Partida	Importe
E10/241	METAL FH ROSAL, S.L.	1340 20201	555,07
009	SILVA DIZ, Rosario	2310 22620	780,00
616523	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	9200 22201	819,93

615694	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	9200 22221	474,42
40970	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3320 21301	112,10
40950	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3210 21301	112,10
40971	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	9200 21301	112,10
17428	NORPREVENCION , S.L.	3340 62201	719,80
B10/476	AGROCAR, S.C.	1710 62302	5.125,25
		Total anexo I	8.810,77

ANEXO II			
Factura	Proveedor	Partida	Importe
81	FERNANDEZ FERNANDEZ, Ana Maria	3320 22609	60,00
124/10	PRODUCTIONS TEATRAIS TALIA, S.L.	3320 22609	139,20
28	JUNCAL BARROS, Israel	3410 22601	94,40
01/10	PEREZ VILLAVERDE , Lisardo	3410 22601	31,20
836	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	380,94
840	MONTES COSTAL, Maria Luz	2310 22110	87,99
841	MONTES COSTAL, Maria Luz	2310 22110	239,99
842	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	451,23
837	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	140,12
843	MONTES COSTAL, Maria Luz	9200 22110	189,80
844	MONTES COSTAL, Maria Luz	3120 22110	17,42
845	MONTES COSTAL, Maria Luz	4310 22110	87,04
847	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	76,10
848	MONTES COSTAL, Maria Luz	1640 22110	44,60
849	MONTES COSTAL, Maria Luz	2340 22110	77,59
850	MONTES COSTAL, Maria Luz	3420 22110	104,82
852	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	307,97
1809	SILORDIMAR GAS, S.L.	3210 22103	161,18
0871	SANTOME GONZALEZ, Juan Pablo	1320 22700	78,83
3450	GASOLEOS DO LEREZ, S.L.	3210 22103	740,00
K10/427	ALARMAS PONTEVEDRA, S.L.	3210 21200	92,06
K/10426	ALARMAS PONTEVEDRA, S.L.	3210 21200	61,36
1881798	R CABLE Y TELECOMUNICACION GALICIA	2310 22200	87,94
5440	FARO DE VIGO	9200 22001	123,90
0164/10	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 22002	12,00
0163/10	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 21600	351,87
9185	CURT MARTINEZ, Federico	1640 22109	797,58
A10/562	AGROCAR, S.C.	1710 21900	186,92
B10/931	AGROCAR, S.C.	VARIAS	1.274,31
732926	TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A.	VARIAS	68,44
00162	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	1320 22000	812,00
00161	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	9200 22000	22,42
00160	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	9310 22000	199,42

1031	RODRIGUEZ GARCIA, Fernando	1640 22699	354,00
100522	AON GIL Y CARVAJAL, S.A.	9200 22402	14.459,12
202488	FINANZIA AUTORENTING, S.A.	1320 20400	19,06
		Total anexo II	22.432,82

TOTAL RELACION	31.243,59 €
---------------------------------	--------------------

Segundo.- Recoñecer as obrigas por importe acumulado de 31.243,59 euros a favor das entidades sinaladas e con cargo ás partidas indicadas, de acordo co orzamento prorrogado do Concello de Moaña.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención do Concello de Moaña, aos efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

10.- CERTIFICACION DA OBRA “CONSERVACIÓN E REFORMA CENTRO CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO”.

En Xunta de Goberno de 14 de xuño de 2010 aprobouse expediente de contratación para a adxudicación da obra “Conservación e reforma Centro Cultural Rosalía de Castro” cun importe de execución por contrata de CINCOCENTOS TRINTA E DOUS MIL EUROS (532.000,00 euros). (458.620,69 euros + 73.379,31 euros de IVE), autorizando gasto por importe de 532.000,00 euros con cargo á partida 3340.62201 con cargo ao orzamento municipal do ano 2010. Asemesmo en sesión de data 19 de xullo, a Xunta de Goberno acorda adxudicar provisoriamente o contrato á empresa empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A., polo prezo de CATROCENTOS SEIS MIL DOUSCENTOS CATRO EUROS E UN CÉNTIMO (406.204,01 euros). (344.240,69 euros + 61.963,32 euros de 18% de IVE), dispoñendo gasto por importe de 406.204,01 euros con cargo á partida 3340.62201 do orzamento municipal do ano 2010.

En data 19 de novembro de 2010 a empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A presenta certificación nº 1 da obra “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro”, asinada polo director de obra D. Rodrigo Currás Torres, así como da factura nº 272A/10 de data 31/10/10, por importe de 139.852,17 euros, IVE incluído. Asemesmo consta no expediente certificación de autorización pola Xunta de Goberno de acopio de materiais solicitado por JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A., por importe de 106.629,62 euros a a incluír na certificación nº 1 da obra “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro”.

Visto que estamos ante un contrato de carácter plurianual e que na cláusula 6ª dos pregos se estableceu a distribución do orzamento en dúas anualidades, 400.000 euros no ano 2010 e 141.172,41 euros no 2011, sen que esta distribución do gastos en dúas anualidades apareza recollido nos acordos sobre gasto adoptados cos de aprobación do

expediente de contratación e de adxudicación provisoria anteriormente reseñados, polo que procede a rectificación destes acordos, conforme ao sinalado no informe da Intervención Municipal de data 20 de decembro de 2010.

Visto o informe do interventor municipal, anteriormente sinalado de data 20 de decembro de 2010, no que emite nota de reparo por diversas deficiencias no expediente, especialmente non incorporación ou insuficiencia da documentación que debía presentar o adxudicatario provisorio, retraso non xustifico no replanteo da obra, falta de programa de traballo do contratista, falta de acreditación dos materiais acopiados e deficiencias na certificación da obra.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Anular os acordos de autorización e disposición de gasto do expediente de contratación da obra “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro”, acordos adoptados en sesións da Xunta de Goberno celebradas o 14 de xuño e 19 de xullo do 2010, autorizando, pola presente, gasto por importe de 400.000,00 euros con cargo á partida 3340.62201 do orzamento municipal do ano 2010 e 141.172,41 euros con cargo á mesma partida do orzamento municipal do ano 2011, e dispoñendo gasto por importe de 400.000,00 euros con cargo á partida 3340.62201 do orzamento municipal do ano 2010 e 6.204,01 euros con cargo á mesma partida do orzamento municipal do ano 2011.

Segundo: Levantar o reparo da Intervención Municipal, emitido en informe de data 20 de decembro de 2010, por entender que responden a insuficiencias administrativas insustanciais e non subsanables acordando pola presente, requirir do adxudicatario para que proceda á sinatura das unidades de obra incluídas na certificación.

Terceiro: Aprobar a certificación ordinaria nº 1 de data 2 de novembro de 2010 e por importe de 139.852,17 € da obra “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro”, na que se inclúe o 75% da relación valorada de acopio de materiais por importe de 106.629,62 euros, acopio autorizado en Xunta de Goberno de 15 de novembro de 2010.

Cuarto: Aprobar a factura nº 272A/10 de data 31/10/10 presentada pola empresa adxudicataria JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A por importe de 139.852,17 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3340.62201.

11.- AXUDAS EXTRASANITARIAS DE TRABALLADORES LABORAIS

11.A) D. Telesforo Abal Juncal, solicita axuda extrasanitaria para gastos odontolóxicos, segundo o convenio, e achega informe, orzamento e factura por importe de 630 euros.

Visto o informe favorable da técnica de RRHH do 15 de decembro de 2010, fiscalizado e conforme polo interventor, que indica que ao traballador lle é de aplicación o convenio colectivo e que consta a información ao comité de persoal, e que cuantifica en 630 euros a axuda que ten que percibir o Sr. Abal Juncal polo gasto acreditado.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga a favor de Telesforo Abal Juncal, por importe de 630 euros, con cargo a partida 1210.16204 en concepto de axuda extrasanitaria.

11.B) D.^a Ángeles Cabeiro Dopico, traballadora laboral do Concello, solicita axuda extrasanitaria para gastos oftalmolóxicos para a súa filla segundo o convenio de persoal laboral, e achega factura por importe de 160 euros, informe facultativo e demais documentación requirida no artigo 25 do convenio.

Visto o informe favorable da técnica de RRHH do 15 de decembro de 2010, fiscalizado e conforme polo interventor, que indica que ao traballador lle é de aplicación o convenio colectivo e que consta a información ao comité de persoal, e que cuantifica 135 euros a axuda que ten que percibir a traballadora polo gasto acreditado (110 € cristais para lentes -100%- e 25 € polo 50% do gasto acreditado da montura).

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga a favor de Ángeles Cabeiro Dopico, por importe de 135 euros, con cargo a partida 1210.16204 en concepto de axuda extrasanitaria.

12.- RECLAMACIÓN DE PAGAMENTO A AQUALIA POR RETRIBUCIÓN SALARIAIS E GASTOS DE SEGURIDADE SOCIAL DE TRABALLADORES.

Visto o informe da tesourería do 16 de decembro de 2010, que di:

Asunto: Reclamación de pago a Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A(NIF A26019992). das retribucións salariais e gastos da Seguridade Social dos traballadores Javier Gil Collazo e Jesús Rodríguez Piñeiro, adscritos ao servizo de augas durante o cuarto trimestre do ano 2009 e o 1º, 2º e 3º trimestre do ano 2010.

Lexislación examinada:

- Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Moaña.
- Lei de bases de réxime local, 7/85
- Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Artigo 7 do prego de condicións administrativas da concesión do servizo de abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais.

Informe

O artigo 7 do prego de condicións económico-administrativas e prescricións técnicas que rexon o concurso para a adxudicación do contrato de xestión mediante a modalidade de concesión dos servizos de captación, distribución e subministración domiciliar de auga potable e recollida, depuración e vertido das augas residuais, sinala que o persoal municipal adscrito á concesionaria percibirá as súas retribucións e demais prestacións directamente do Concello e que os custes de explotación que oferten as empresas licitadoras serán aboados directamente polo Concello, deducíndose o importe correspondente ós custes do persoal indicado.

Consultada a contabilidade do Concello, o gasto de persoal destes traballadores no último trimestre do ano 2009 e ó longo dos tres primeiros trimestres do ano 2010 ascende as seguintes cantidades

Retribucións brutas

Periodo	Javier Gil Collazo	Jesús Piñeiro Rodríguez
3º trimestre 2009	8.319,81	7.011,27
1º, 2º e 3º trimestre 2010	20.608,85	17.482,04
Total	28.928,66	24.493,31

Seguridade Social (cuota patronal)

Seguridade social 2009	4.938,16
Seguridade social 2010	14.914,24
Total	19.852,40

Conclusión

As cantidades correspondentes ós postos de traballo considerados en concepto de retribucións e gastos da Seguridade Social nos períodos mencionados ascenden a un total de **73.274,37**, cantidade que non foi aboada pola empresa concesionaria Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A e que, polo tanto, deberá ser liquidada por acordo da Xunta de Goberno Local e notificada ó interesado nos termos transcritos a continuación.

LIQUIDACION DÉBEDAS DEFINITIVA

OBLIGADO:AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A

NIF:A 26019992

ENDEREZO:FRAGATA VILLA MADRID NÚM.20 CP.36950.MOÑA

TELÉFONO:902196019

DÉBEDA (elementos determinantes) COSTES SALARIAIS JAVIER GIL COLLAZO E JESÚS RODRÍGUEZ PIÑEIRO CORRESPONDENTES Ó 4º TRIMESTRE DO EXERCICIO 2009 E ÓS TRIMESTRES 1º, 2º E 3º DE 2010. 73.274,37 EUROS

PRAZOS E MODO DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña(r/As Barxas s/n CP 36950,Moaña,Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800),de luns a venres ,de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas en vía executiva e se devengarán os correspondentes recargos,os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS:Poderá interperse **recurso de reposición no prazo dun mes** a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).Poderá interperse **recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses** a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LJCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a liquidación recollida no informe da tesourería por importe de 73.274,37 EUROS polos conceptos que nel se indican, e remitirla a Aqualia para que proceda ao seu pagamento.

13.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Visto o informe da Tesourería municipal do 20 de decembro de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada por Iberdrola Generación S.A.U. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

***IBERDROLA GENERACIÓN S.A.U. (CIF A95075586)**

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
NOVEMBRO 2010	9.079,15	136,19

PRAZOS DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS: Poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).

-Poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LJCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de IBERDROLA GENERACIÓN, S.A.U. por importe de 136,19 euros polo período de novembro 2010, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

14.- MODIFICACIÓN NO SAF

Visto o informe-proposta da traballadora social do 17 de decembro de 2010, que di:

ASUNTO: modificacións no SAF (DEPENDENCIA)

ALTAS

- *Angel Durán Currás:* 70 h./mes. Aportación persoal : 70 €/mes. A partir do 30 de decembro.
- *Ana Parcero Rodríguez:* 40 h./mes. Aportación persoal : 20 €/mes . A partir do 30 de decembro.
- *M^a Concepción Juncal Giráldes:* 45 h./mes. Aportación persoal : 45 €/mes. A partir do 30 de decembro.

- *Isabel Barros Argibay*: 40 h. /mes. Sen achega económica. A partir do 30 de decembro.
- *Balbino Chapela Iglesias*: 70 h./mes. Sen achega económica. A partir do 30 de decembro.
- *Matilde Rúa Gestido*: 60 h./mes. Sen achega económica. A partir do 30 de decembro.
- *Rosa Santomé Bernárdez*: 40 h./mes. Aportación persoal: 20 €/mes. A partir do 30 de decembro
- *Adelina Trigo Costa*: 55 h./mes. Aportación persoal : 55 €/mes. A partir do 30 de decembro.
- *Enrique García Coello*: 90 h. /mes. Aportación persoal: 90 €/mes. A partir do 20 de decembro.
- *Isabel Santos Parcero*: 30 h./mes . Aportación persoal: 15 €/mes. A partir do 30 de decembro.
- *Manuel González del Río*: 55 h./mes. Aportación persoal 55 €/mes. A partir do 30 de decembro.

BAIXAS

- *Luís Pequeño Pequeño* . Por falecemento dende o 10 de decembro .
- *Carmen Silva Martínez* : Por ingreso en residencia dende o 31 de agosto .

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

15.- PROPOSTA DE BAIXA DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS

Por informe da Secretaría do 13 de decembro de 2010, indícase que os vehículos NISSAN SERENA, matrícula C1143 BL; RENAULT EXPRES, matrícula PO-2548-AT; NISSAN TERRANO II, matrícula PO-3411-AY, xa non circulan polo que se propón que se dean de baixa en Tráfico e que se autorice á empresa Electroauto de Cangas para que realice os trámites necesarios para formalizar a baixa destes vehículos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

16.- REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS: INSCRICIÓN:

D. FRANCISCO BLANCO DEL RÍO solicita licenza para a tenza para acompañamento, dun can de raza CRUCE AMERICAN, raza considerada como perigosa, cuxo nome é TRASNO.

Visto que o solicitante achega toda a documentación requirida, segundo se recolle no informe de Secretaría do 16 de decembro de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza solicitada para a tenza das cadelas de raza considerada como perigosa, a súa inscrición no rexistro municipal e que se traslade o acordo ao Rexistro Galego de Animais Potencialmente Perigosos.

17.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL, SECCIÓN ACTIVIDADES (PAM), PARA O EXERCICIO 2011.

No BOP nº 229, do luns 29 de novembro de 2010, publícanse as bases reguladoras do PAM, sección actividades, para o exercicio 2011, cuxo obxecto é subvencionar aquelas actividades culturais e deportivas, xestionadas libremente polas entidades locais, coa finalidade de apoiar e contribuír ao desenvolvemento sociocultural e deportivo dos concellos na realización de actividades. O prazo de presentación comeza ao día seguinte da publicación en dito boletín e por 30 días naturais,

Visto que os Circuitos de Teatro que organiza este Concello son actividades culturais que poderían ser subvencionables dentro do PAM da Deputación, segundo a súa base reguladora primeira 1ª.1, e vista a intención da concellería de Cultura de continuar realizando esta actividade cultural o próximo ano 2011, coa celebración da súa edición XXIV,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda solicitarlle subvención á Deputación ao abeiro do PAM SECCIÓN ACTIVIDADES 2011, para a realización da edición nº XXIV dos Circuitos de Teatro en Moaña, cuxo orzamento é de 20.000 euros para a que se pedirá axuda por dito importe.

18.- FURANCHOS

MARIA CHAPELA PAREDES, solicita autorización para vender viño da súa colleita – 321,2 litros- mediante furancho en Marrua, nº 24 a partir do día 7 de xaneiro. Presenta declaración de colleita e de produción da campaña 2010-2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho a partir da data solicitada e por un periodo de 3 meses, debendo cumprir o establecido no Decreto 116/2008 do 8 de maio da Consellería de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza.

19.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE POSTOS NA PRAZA DE ABASTOS

19.A) Dª María Elena Rodríguez Martínez, que ten adxudicados os postos de venda de peixe nº 11 e 12 na praza de abastos, solicita o cambio de titularidade por xubilación a favor da súa filla Alicia Álvarez Rodríguez.

O encargado da praza, por informe do 13 de decembro de 2010, indica que este cambio de titularidade recóllese nas ordenanzas e que a filla dispón da documentación axeitada pra realizar esta actividade.

A Comisión informativa de facenda –persoal, réxime interior e promoción económica do 14 de decembro de 2010, propón aprobar o cambio de titularidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o cambio de titularidade dos postos de venda de peixe nº 11 e 12 da praza de abastos, de D.^a María Elena Rodríguez Martínez á súa filla D.^a Alicia Álvarez Rodríguez, cuxos datos figuran na solicitude.

19.B) D.^a Carmen Cruz Durán, adxudicataria do posto de venda de bacallao na praza de abastos, solicita o cambio de titularidade por xubilación, para a súa filla María Isabel Boubeta Cruz.

O encargado da praza, por informe do 13 de decembro de 2010, indica que este cambio de titularidade recóllese nas ordenanzas e que a filla dispón da documentación axeitada pra realizar esta actividade.

A Comisión informativa de facenda –persoal, réxime interior e promoción económica do 14 de decembro de 2010, propón aprobar o cambio de titularidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o cambio de titularidade do posto de venda de bacallao da praza de abastos, de D.^a Carmen Cruz Durán á súa filla D.^a María Isabel Boubeta Cruz, cuxos datos figuran na solicitude.

20.- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL

D. Juan Manuel Martínez López, por escrito do 9 de decembro de 2010, expón que o sábado día 4 de decembro, sobre as 19,30, tivo danos na dirección e na roda dianteira dereita do seu vehículo no Lago de Abelendo, polo mal estado da calzada. Achega factura da reparación por importe de 91,33 euros e pide que o Concello se faga cargo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a súa solicitude porque o lugar onde ocorreron os danos é zona de obras para a execución do emisario submarino de Vigo, executada pola UTE Bardera Obras Civiles y Marítimas Excover S.A., á conta do ente público Augas de Galicia, a quen, en calquera caso, debe dirixir a reclamación.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:05 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.